



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

## BANDO DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA

Dona María Teresa Villaverde Pais, Alcaldesa - Presidenta do Concello de Lousame, fago saber:

Ao abeiro do disposto no artigo 101 da Lei Orgánica 6/1985, do 01 de xullo, do Poder Xudicial e Regulamento 3/1995, do 07 de xuño, dos Xuíces de Paz, neste Concello iniciouse expediente para á elección de **XUIZ DE PAZ SUBSTITUTO**.

A tal fin, faise a presente convocatoria pública segundo o seguinte detalle:

**OBXECTO:** Elección de **Xuíz de Paz substituto** do Concello de Lousame.

**PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS:** **15 días hábiles** dende o seguinte ó da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

**LUGAR:** No rexistro do Concello ou por calquera dos medios dispostos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común.

**SOLICITANTES:** Tódolos cidadáns que reúnan os seguintes requisitos:

- Ser español e maior de idade.
- Non estar incurso en causas de incapacidade previstas no artigo 303 da Lei Orgánica do Poder Xudicial así como nas causas de incompatibilidade e prohibicións sinaladas nos artigos 389 e 397 da antedita Lei a excepción das actividades establecidas no artigo 14.2 do Regulamento 3/1995. As causas de incompatibilidade e prohibicións operarán con posterioridade ó nomeamento.

**DOCUMENTACIÓN:** Os solicitantes deberán presentar a documentación seguinte:

1. Instancia dirixida á Sra. Alcaldesa con indicación do cargo a que se opta.
2. Certificado de nacemento ou copia do Documento Nacional de Identidade.
3. Certificado expedido polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes.
4. Declaración complementaria á que se refire o artigo 2 da Lei 68/1980, no seu punto 1.a referente a se se atopa inculpado ou procesado.
5. Certificación médica acreditativa de non estar impedido física ou psiquicamente para o exercicio da dita función.
6. Xustificantes dos méritos que poida alegar.

Lousame, 13 de outubro de 2023



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

A Alcaldesa-Presidenta.  
M<sup>a</sup> Teresa Villaverde Pais.

## ANEXO I

### SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN EN PROCESO SELECTIVO. CONVOCATORIA: XUÍZ DE PAZ.

DATOS PERSOAIS	
Apelidos:	
Nome:	
Domicilio:	
Concello:	
Teléfono:	
Correo – e:	

EXPÓN:

Primeiro: que declara coñecer as bases da convocatoria

Segundo: Que reúne os requisitos esixidos nas bases da convocatoria para a participación no proceso selectivo, para o cal adxunta a documentación esixida nas mesmas.

SOLICITA: Ser admitido/a ao mencionado proceso